



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## CONDICIÓN DE MATRÍCULA E CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS. (NORMAS PROVISORIAS DE PERMANENCIA).

Artigo 1.- O estudante que inicia estudos nunha carreira deberá superar unha materia troncal ou obrigatoria no primeiro curso. Se non cumpre este requisito poderá volver a matricularse e deberá superar un mínimo de 30 créditos troncais e obrigatorios do primeiro curso. En caso contrario non poderá continuar os mesmos estudos no curso académico seguinte na mesma titulación.

Artigo 2.- No caso de que volva a matricularse por terceira vez deberá superar os 30 créditos antes indicados de primeiro curso. Se non cumpre ese requisito non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Santiago de Compostela

Artigo 3.- Un alumno pode concorrer a exame un máximo de 7 convocatorias. Pode solicitar que o examine unha comisión a partir da 5ª convocatoria (4 suspensos). Neste caso o departamento nomeará unha comisión de tres profesores, a ser posible, da mesma área de coñecemento.

Artigo 4.- Independentemente da normativa que sexa de aplicación sobre o límite de convocatorias, no caso de que a un estudante lle resten un máximo de 30 créditos ou tres materias (en plans non estruturados en créditos) para finalizar os estudos poderá solicitar a exención ó dito límite.

Artigo 5.- No caso de situacións excepcionais ou non contempladas o rector resolverá o que proceda, solicitando os informes que considere oportunos.

**Dilixencia:** para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 15 novembro de 2001, acordou *aproba-las* presentes "*Condições de matrícula e continuación de estudos (normas provisionais de permanencia)*". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2001

Vº e Pr.  
O RECTOR



F. Dario Villanueva Prieto

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

11/01/01